

DON JOSÉ MARIA BAÑOS CAMPO SECRETARIO DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS (Lugo)

CERTIFICA

Que a Xunta de Goberno Local de 15 de febreiro de 2016 en sesión ordinaria adoptou entre outros o seguinte acordo:

“ 5.- CONTRATACIÓN E SERVIZOS

A) CONTRATACIÓN.

A2.ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR PARA A SUBMINISTRACIÓN DUN MARCADOR ELECTRÓNICO POLIDEPORTIVO (EXP.005-SUMMen16).

1.- De acordo co disposto no artigo 9 do RD Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSF), son contratos de subministración “*aqueles que teñen por obxecto a adquisición, o arrendamento financeiro, ou o arrendamento con ou sen opción de compra, de produtos ou bens mobles...*”.

2.- Pola súa banda, o TRLCSF, regula nos artigos 111 e 138.3, o contrato menor.

De acordo con estes artigos os contratos menores, que se definen exclusivamente pola súa contía, a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, e a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos.

Non entanto no contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando normas específicas así o requiran. Deberá igualmente solicitarse o informe de supervisión a que se refire o artigo 125 do TRLCSF cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.

Os requisitos esixidos polo TRLCSF, teñen o carácter de mínimos polo que non existe impedimento en que, por parte do órgano de contratación, esíxanse outros en orde a delimitar os dereitos e obrigacións que asumirán as partes do contrato.

Neste contexto, a base 33ª das de execución do orzamento do Concello, referida aos contrato menores, precisa que “*cando a contía sexa superior a 1.000 euros e inferior a 18.000 euros, o expediente conterá unha proposta de adquisición razoada, detallada e valorada, debendo acreditarse a consulta a tres empresas, polo menos, salvo que resultase imposible ou inconveniente por razóns que deberán acreditarse no expediente*”. Respecto deste último, constan no expediente solicitude de orzamento as seguintes tres empresas para a realización da subministración.-

Empresa	Orzamento (IVE incluído)	Nº. de rexistro xeral.
Ranking La Tienda del Deporte	2.720,03.-€	NRE. 1374/2016
Cation Soft Systems S.L.	2.724,92.-€	NRE. 1371/2016
Maupe Asturias S.L.	3.668,72.-€	NRE. 1373/2016

3.- Como xa expuxemos, de conformidade co establecido no citado artigo 138 do TRLCSP, a denominación de contratos menores, o é en consideración ao seu importe, que ha de ser inferior a 50.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 18.000 euros, cando se trate doutros contratos.

Estes contratos non poderán ter unha duración superior a un ano, nin ser obxecto de prórroga nin de revisión de prezos (art. 23 ex. art. 89 TRLCSP). Así mesmo, resulta preciso proceder a sinalar o prazo de execución do contrato.

4.- A competencia para contratar, de conformidade co previsto no apartado primeiro da Disposición Adicional Segunda do TRLCSP, atribúese ao Alcalde, sempre que o importe do contrato non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do Orzamento. Se sé supera a referida porcentaxe a competencia corresponderá ao Pleno. Non entanto, por Decreto de Alcaldía de 18.06.2015, dita competencia atópase delegada na Xunta de Goberno Local do Concello de Monforte de Lemos.

Por canto antecede, a Xunta de Goberno Local adopta por unanimidade o seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- APROBAR o gasto correspondente á adxudicación da subministración con cargo á aplicación 342.633 do vixente orzamento xeral municipal.

SEGUNDO.- ADXUDICAR, por “contrato menor”, a subministración dun marcador electrónico polideportivo á favor de Ranking La Tienda del Deporte con CIF.-B-31669070 e/r D. Juan José González Tainta con DNI. 15845411-K, polo importe de 2.247,96.-€, aos que habería que engadir 472,07.-€ en concepto de IVE (21%) o que fai un total ascendente de 2.720,03.-€, segundo oferta que achega (NRE. 1374/2016)

TERCEIRO.- Unha vez realizada a subministración, incorpórese a factura e tramítese o pago se procede.

CUARTO.- NOTIFICAR o presente Acordo ao adxudicatario e demais interesados no procedemento.”

E para que así conste e coa advertencia prevista no artigo 206 do ROF, expido e asino a presente de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, en Monforte de Lemos a dezasete de febreiro de 2016.

Vº e Pce.
O ALCALDE

José Tomé Roca



A large, complex handwritten scribble or signature in black ink, located to the right of the official stamp.